



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA E ANTROPOLOXÍA DA USC

TÍTULO PRELIMINAR

ARTIGO 1: Lexislación

O Departamento de **FILOSOFÍA E ANTROPOLOXÍA** da Universidade de Santiago de Compostela, rexerase polo presente Regulamento no marco do sinalado na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de Decembro, de Universidades, pola Lei 6/2013, do 13 de Xuño do Sistema Universitario de Galicia, polo disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a restante normativa xeral que lle sexa de aplicación.

ARTIGO 2: Definición e denominación

O Departamento de **FILOSOFÍA E ANTROPOLOXÍA** é a unidade básica encargada da programación e do desenvolvemento do ensino e do apoio á investigación nos ámbitos das áreas de coñecemento de Antropoloxía Social, Filosofía, Filosofía Moral, Historia da Ciencia, e Lóxica e Filosofía da Ciencia da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

ARTIGO 3: Adscrición e sede

1. O Departamento de **FILOSOFÍA E ANTROPOLOXÍA** estará adscrito á Facultade de Filosofía da USC.
2. A sede do Departamento fíxase na Facultade de Filosofía da USC.

ARTIGO 4: Lingua

A lingua galega é a lingua propia da USC. O Departamento de **FILOSOFÍA E ANTROPOLOXÍA** promoverá accións que contribúan á normalización e ao desenvolvemento da lingua galega.

ARTIGO 5: Igualdade de xénero

O Departamento de **FILOSOFÍA E ANTROPOLOXÍA** asume como principio inspirador de todas as súas actuacións a igualdade de tratamento e oportunidades entre mulleres e homes de conformidade co Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes aprobado polo Consello de Goberno da USC.

TÍTULO I

ESTRUTURA E FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO

ARTIGO 6: Órganos do Departamento

Son órganos de dirección do Departamento:

- a) O Consello do Departamento.
- b) O Director ou Directora.
- c) O Secretario ou Secretaria.

ARTIGO 7: Funcións

De conformidade co artigo 49 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela son funcións do Departamento:

- a) A programación, desenvolvemento e seguimento:
 - Das ensinanzas asignadas aos ámbitos de coñecemento das súas competencias, de acordo coas previsións e cos criterios dos plans de estudos, así como cos criterios xerais emanados da Universidade e cos criterios específicos emanados dos centros nos que se imparte docencia.
 - Dos cursos de posgrao propio, de especialización e de formación continua dos que estea responsabilizado e sexan aprobados pola USC.
- b) O apoio ás iniciativas e actividades docentes e investigadoras do seu persoal docente e investigador, individualmente ou formando parte de grupos de investigación, que se desenvolvan consonte as vías previstas ou asumidas pola USC.
- c) O rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do Departamento.
- d) A formación do persoal docente e investigador da Universidade.
- e) A iniciativa ou, no seu defecto, informe previo, para a creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como, de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolver os concursos.

f) Calquera outra actividade encamiñada ao axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos.

TÍTULO II

DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

CAPÍTULO I:

DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

ARTIGO 8: O Consello de Departamento

O Consello é o órgano colexiado de goberno do Departamento.

ARTIGO 9: Composición do Consello

1. O Consello de Departamento, presidido polo seu Director ou Directora e no que actuará como Secretario ou Secretaria o/a do Departamento, estará composto por:

- a) Os/As doutores/as membros do Departamento.
- b) Unha representación do resto do persoal docente e investigador e persoal investigador en formación, *que non excederá do 10% do total dos membros.*
- c) Unha representación do estudiantado do ámbito de docencia do departamento, que suporá o 25 % do total dos membros do Consello de Departamento. Desta porcentaxe, o 10% corresponderá a estudiantado de grao e máster e o 15% ao estudiantado de doutoramento.
- e) Un representante do persoal de administración e servizos.

2. Cando a natureza dos asuntos o requira, o Director do Departamento, por propia iniciativa ou a instancia de cinco dos membros do Consello de Departamento, poderá convocar a calquera membro da comunidade universitaria con voz pero sen voto.

3. As eleccións a membros do Consello de Departamento faranse conforme o disposto no Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

4. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes que o serán por un ano. A condición de membro do Consello perderase ao cesar a vinculación co Departamento, ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

5. A asistencia ás reunións do Consello constitúe un dereito e un deber dos seus membros, e débense prever as medidas que favorezan dita asistencia.

ARTIGO 10: Competencias do Consello de Departamento

Corresponderalle ao Consello de Departamento:

- a) A elección do Director ou Directora e, de ser o caso, a proposta ao reitor ou reitora da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.
- b) A planificación docente das materias das que sexa responsable o Departamento, así como a aprobación dos respectivos programas e sistemas de avaliación, a coordinación da actividade docente e a supervisión do seu cumprimento en colaboración cos centros, nos termos establecidos no artigo 49, alínea a) dos Estatutos da USC.
- c) O apoio á actividade investigadora, nos termos establecidos no artigo 49, alínea b), dos Estatutos da USC.
- d) A formulación das demandas de persoal docente e investigador, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e de doutoramento e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.
- e) A distribución das cantidades asignadas ao Departamento e dispoñibles polo mesmo.
- f) A elaboración e aprobación do seu regulamento de réxime interno.
- g) A creación de comisións para o mellor desenvolvemento das súas funcións.
- h) A promoción de melloras na docencia, para contribuír a unha mellor calidade da mesma.
- i) A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte a lexislación vixente e os Estatutos da USC.
- j) A emisión dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico do seu estudiantado.
- k) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da USC ou a lexislación vixente.

ARTIGO 11: Funcionamento

O Consello do Departamento actuará en Pleno ou en Comisión Permanente.

ARTIGO 12: Convocatorias e sesións do Pleno do Consello de Departamento

1. O Pleno do Consello de Departamento reunirse por iniciativa da dirección ou a pedimento dun terzo dos seus membros. Celebrará, polo menos, tres sesións ordinarias do Pleno durante o curso académico en período lectivo.

2. A convocatoria das sesións ordinarias do Pleno do Consello será realizada polo Director ou Directora ou por quen legalmente desempeñe as súas funcións, notificándoselle aos membros do mesmo cunha antelación mínima de dous días. Sen prexuízo doutras formas de publicidade, dita notificación será persoal e remitirase por correo electrónico ao enderezo institucional dos seus membros.

3. As convocatorias ordinarias do Pleno do Consello de Departamento deberán conter: lugar da reunión; data; hora, en primeira e segunda convocatoria; e orde do día. A orde do día será elaborada polo/a Director/a do Departamento, asistido/a polo/a Secretario/a. Aqueles asuntos que sexan solicitados por un 25% dos membros do Consello deberán incluírse na primeira reunión ordinaria do órgano que se convoque trala recepción da solicitude.

4. O Pleno do Consello do Departamento reunirse de modo extraordinario convocado polo Director ou Directora por propia iniciativa cando a importancia ou a urxencia dos asuntos a tratar así o requira, notificándose aos membros cunha antelación mínima de dous días. Na orde do día destas sesións extraordinarias non se incluírán os puntos relativos a aprobación das actas, asuntos de trámite, informes ou rogos e preguntas.

5. O/A Presidente/a do Consello de Departamento poderá convidar ás sesións ordinarias ou extraordinarias calquera persoa, con voz pero sen voto, para algún punto da orde do día.

6. Achegarase coas convocatorias toda a documentación necesaria para información dos seus membros, ou indicarse o lugar onde estará depositada para a súa consulta polos membros do Consello de Departamento.

7. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do Consello de Departamento e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

8. As reunións do Consello de Departamento, agás aquelas nas que o voto sexa secreto, celebraranse por videoconferencia para facilitar a asistencia, deliberación e votación dos membros dos dous grandes campus da USC.

ARTIGO 13: Coordinador/a de área de coñecemento do departamento

Cada unha das áreas de coñecemento do Departamento, con membros docentes e investigadores, contará cun/ha coordinador/a da área que velará polos intereses desa área ante o Departamento.

ARTIGO 14: Comisión Permanente: composición, convocatorias, sesións e réxime de funcionamento

1. O Consello de Departamento contará cunha Comisión Permanente do mesmo. A Comisión Permanente do Consello de Departamento reunirse por iniciativa da dirección.

2. Serán membros da Comisión Permanente:

2.1. O/A Director/a e o/a Secretario/a do Departamento ou quen legalmente os substitúan, que actuarán respectivamente como Presidente/a e Secretario/a da mesma.

2.2. Un/ha coordinador/a por cada unha das seguintes áreas de coñecemento: Antropoloxía Social; Filosofía; Filosofía Moral; e Lóxica e Filosofía da Ciencia (coordinador/a por área de coñecemento que pode coincidir co/a Director/a ou co/a Secretario/a do Departamento).

2.3. Un/ha docente do campus de Lugo (no caso de que entre os/as coordinadores/as de área non haxa ninguén deste campus).

2.4. Un/ha dos/das representantes de estudantes no Consello de Departamento.

3. A Comisión Permanente só se reunirá, por iniciativa da dirección, para tratar asuntos que sexan de trámite ou de máxima urxencia e que precisen da aprobación do Consello de Departamento.
4. O/A Presidente do Consello de Departamento poderá convidar calquera persoa, con voz pero sen voto, en relación con algún punto da orde do día.
5. Na primeira sesión ordinaria do Pleno do Consello de Departamento darase conta, por parte de quen o presida, dos acordos adoptados pola Comisión Permanente do Consello de Departamento.
6. A Comisión Permanente reunirse convocada polo Director ou Directora ou persoa que legalmente o/a substitúa, notificándose aos seus membros cunha antelación mínima de dous días. Remitirse cada convocatoria da Comisión Permanente con esa mesma antelación a todos os restantes membros do Consello de Departamento aos meros efectos de que teñan constancia. Na orde do día destas sesións da Comisión Permanente non se incluírán puntos relativos a asuntos de trámite, informes ou rogos e preguntas. Si se incluírá o relativo a aprobación de Actas de sesións previas da propia Comisión Permanente.
7. Achegarase coas convocatorias da Comisión Permanente toda a documentación necesaria para a información dos seus membros, ou indicarse o lugar onde estará depositada para a súa consulta.
8. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día da Comisión Permanente, salvo que estean presentes todos os seus membros e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
9. As reunións da Comisión Permanente, agás aquelas nas que o voto sexa secreto, celebraranse por videoconferencia para facilitar a asistencia, deliberación e votación dos membros da mesma dos dous grandes campus da USC.

ARTIGO 15: Réxime de adopción de acordos

1. O Consello do Departamento en Pleno ou en Comisión Permanente (Consello, en diante) será presidido polo Director ou Directora ou quen legalmente o/a substitúa.
2. Para a válida constitución do Consello en Pleno será necesaria en primeira convocatoria a asistencia persoal da metade mais un dos seus membros. De non se producir quórum na primeira convocatoria, o Consello constituirase na segunda convocatoria sempre que estean presentes cando menos un 25% dos seus membros. En todo caso requírese a asistencia do/a Director/a e do/a Secretario/a ou de quen legalmente os substitúan.
3. Para a válida constitución do Consello en Comisión Permanente será necesaria en primeira e en segunda convocatoria a asistencia persoal da metade dos seus membros. En todo caso requírese a asistencia do/a Director/a e do/a Secretario/a ou de quen legalmente os substitúan.
4. As sesións do Consello deberán realizarse de xeito continuado até esgotar a orde do día, non sendo que iniciada na xornada de mañá deba interromperse para a súa continuación na mesma xornada de tarde.
5. As sesións ordinarias do Pleno do Consello e as da Comisión Permanente iniciaránse

coa lectura polo/a Secretario/a e a aprobación ou modificación da acta da última sesión ordinaria celebrada, así como das actas das sesións extraordinarias celebradas desde a última sesión ordinaria do Consello. Seguidamente, procederase ao exame, debate e, no seu caso, votación dos puntos establecidos na orde do día da convocatoria.

6. Corresponderá ao/á Presidente/a establecer a orde de intervencións e moderar o debate, conceder e retirar a palabra, e precisar os termos ou propostas obxecto de votación. No exercicio de dita competencia, poderá establecer unha rolda pechada de intervencións e asignar tempos determinados a cada unha delas, garantindo, cando menos, un dereito de replica por alusións.

7. Os acordos poderán adoptarse por:

7.1. Asentimento: cando realizada unha proposta polo/a Presidente/a, esta non suscita obxeccións ou oposición por ningún membro.

7.2. Por votación ordinaria, ben a man alzada, ben secreta. Será secreta cando se trate da avaliación de persoas concretas ou a petición dalgún dos seus membros asistentes. O/A Secretario/a fará o recuento e deseguido o/a Presidente/a fará público o resultado.

8. Non se admitirá a delegación de voto nin o voto anticipado dos membros do Pleno do Consello nin dos membros da Comisión Permanente.

9. As decisións do Consello de Departamento adoptarán a forma de acordos.

10. Para ser válida a adopción de acordos do Consello deberán acadar cando menos a metade mais un dos votos dos membros presentes, agás aqueles acordos para os que a normativa específica esixa outras maiorías.

11. Nas votacións nas que se produza empate, o/a Presidente/a poderá exercer o voto de calidade ou aprazar o tema de que se trate.

12. Os acordos do Consello de Departamento serán susceptibles de ser impugnados en alzada diante do Consello de Goberno da Universidade.

ARTIGO 16: Actas do Consello

1. De cada sesión que celebre o Consello do Departamento levantarase acta polo/a Secretario/a, que especificará necesariamente os/as asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, así como o contido dos acordos adoptados. No tocante ás deliberacións, só deberá facer constar aquelas que lle sexan solicitadas por membros do Consello en Pleno ou en Comisión Permanente, aínda que poderá facer constar aquelas que ao seu criterio lle parezan salientables.

2. Na acta figurará, a petición dos respectivos membros do Consello do Departamento, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o senso do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto, ou no prazo que sinala o/a Director/a, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou anexándose copia á mesma.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito, no prazo de 2 días, que se incorporará ao texto aprobado.

4. As actas asinadas polo/a Secretario/a, co visto e praxe do/a Presidente/a, serán sometidas á consideración do Consello para a súa aprobación na sesión ordinaria

inmediatamente posterior, podendo non obstante emitir o/a Secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se teñan adoptado, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

5. As actas serán encadernadas consonte as instrucións dadas ao respecto pola Secretaría Xeral da USC.

CAPÍTULO II

O DIRECTOR OU A DIRECTORA

ARTIGO 17: O Director ou Directora

1. O Director ou a Directora representa o Departamento, exerce a súa dirección, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

2. A dirección do Departamento corresponderalle por elección a un dos seus membros, que sexa profesor doutor con vinculación permanente á USC.

3. De non se poder levar a cabo o nomeamento do Director ou da Directora do Departamento por falta de persoas candidatas que reúnan os requisitos esixidos, o Consello de Goberno, tras a proposta do/a Reitor/a, encargarlle provisoriamente as funcións de dirección a un profesor ou unha profesora do Departamento ou, no seu defecto, doutro departamento, que teña o título de doutor/a e vinculación permanente á USC. Rematado o curso académico, convocaranse eleccións de novo.

4. O Director ou a Directora do Departamento será elixido polo Consello de Departamento, consonte o Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, e nomearao o/a Reitor/a.

5. O cargo de Director/a do Departamento desempeñárase durante catro anos, e non poderá ser ocupado máis de dous mandatos consecutivos.

6. O cese do Director/a do Departamento producirase ao remate do seu mandato, por dimisión, ou como consecuencia dunha moción de censura construtiva a petición, como mínimo, dun terzo dos membros do Consello do Departamento e aprobada por maioría absoluta dos membros do Consello. A presentación da moción deberá conlevar a incorporación dun/ha candidato/a alternativo/a. Se a moción de censura non acadase os votos necesarios, considerarase rexeitada e os asinantes da mesma non poderán presentar outra durante o mesmo curso académico.

7. En caso de ausencia ou enfermidade, o Director ou a Directora será substituído/a, con carácter accidental, polo membro do Departamento de maior categoría e antigüidade que sexa profesor/a doutor/a con vinculación permanente á USC.

ARTIGO 18: Competencias da dirección do Departamento

1. Son competencias da dirección do Departamento:

- a) A convocatoria e a presidencia do Consello de Departamento en Pleno ou en Comisión Permanente.

- b) A execución dos acordos adoptados polo Consello de Departamento e a vixilancia do seu cumprimento.
 - c) A organización e a coordinación, de acordo co Consello de Departamento, dos medios persoais e materiais dos que se dispoña para cumprir os obxectivos investigadores e docentes.
 - d) A execución das previsións orzamentarias.
 - e) A proposta ao/á Reitor/a do nomeamento de Secretario/a do Departamento.
 - f) Asegurar a realización das tarefas administrativas relacionadas co Departamento apoiándose nos servizos administrativos previstos a tales efectos pola USC, en especial a través da secretaria administrativa do Departamento.
 - g) Todas aquelas que deba exercer en representación do Departamento consonte o previsto na lexislación vixente e nos estatutos da USC.
2. As competencias da dirección do Departamento esténdese a todos os asuntos relacionados co goberno e a administración do Departamento, de non seren atribuídos a outros órganos.

CAPÍTULO III

O SECRETARIO OU A SECRETARIA

ARTIGO 19: O Secretario ou a Secretaria

1. O Secretario ou a Secretaria do Departamento é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Departamento e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do Departamento. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que delegue nel/a o/a Director/a ou lle encomende a lexislación ou os Estatutos da USC.
2. O Secretario ou Secretaria será nomeado/a polo/a Reitor/a, tras a proposta do Director ou da Directora, entre o profesorado, os axudantes e os funcionarios dos subgrupos A1 e A2 do Departamento con dedicación a tempo completo.
3. O Secretario ou Secretaria cesará por decisión do/a Reitor/a, logo de proposta do Director ou da Directora do Departamento ou a petición propia.

TÍTULO III

DA DOCENCIA

ARTIGO 20: Da docencia

1. O Departamento promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais a impartición

dunha docencia de calidade e será o responsable da docencia das materias establecidas nos programas de estudo que os centros lles encarguen, de conformidade coa normativa aprobada polo Consello de Goberno para a organización docente prevista no artigo 138 dos Estatutos da USC.

2. O Consello do Departamento, con carácter anual e conforme estableza a propia USC, deberá:

- a) Aprobar as guías docentes e os programas das materias ao seu cargo.
- b) Asegurar a publicidade do réxime de titorías do profesorado do Departamento.
- b) Determinar as actividades esixidas polos planos de estudo.
- c) Fixar o sistema ou sistemas básicos e xerais de avaliación do alumnado para cada materia.
- d) Distribuír e asignar as tarefas docentes entre o profesorado.
- e) Facer as solicitudes de prazas docentes que se precisen para asegurar a carga docente das áreas de coñecemento do Departamento en cada un dos dous campus da USC.
- e) Resolver calquera outra cuestión que demande dun departamento universitario a lexislación vixente ou a normativa da USC.

3. A distribución das obrigas docentes deberá contemplar a necesidade de cubrir todas as ausencias que, por motivos xustificadas, se poidan producir por parte de calquera dos membros do Departamento ao longo do curso.

4. O Departamento apoiará a posta en marcha de actividades na procura dunha mellora continua da calidade da docencia e da formación continua dos seus membros.

TÍTULO IV DA INVESTIGACIÓN

ARTIGO 21: Da investigación

1. O Departamento asume como un de seus obxectivos esenciais a investigación. A tal efecto promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento dunha investigación de calidade, xeradora de novo coñecemento e capacidade de innovación.

2. A investigación é un deber e un dereito do persoal docente e investigador, dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico e da racionalidade no uso e aproveitamento dos recursos.

3. O Departamento fomentará a constitución ou integración en grupos e redes de investigación nos que participen os seus membros docentes e investigadores. As relacións entre o Departamento e os grupos de investigación nos que participen os seus membros docentes e investigadores acomodaranse á normativa que a tal efecto aprobe o Consello de Goberno da USC.

4. O Departamento fomentará a presentación de proxectos de investigación de forma institucional ou a título persoal do persoal docente e investigador adscrito ao mesmo nas distintas convocatorias dos organismos públicos e privados, nacionais ou internacionais

encargados de financiar a investigación, e colaborará na súa formalización.

5. O Departamento, a nivel institucional, e o seu persoal docente e investigador, poderán promover contratos con entidades públicas ou privadas ou ben con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, e mais o desenvolvemento de másteres propios, cursos de especialización, formación ou perfeccionamento, acordos coas normas e procedementos establecidos pola USC.

6. O Departamento manterá un rexistro actualizado da produción científica e de todos aqueles eventos relacionados coa actividade investigadora realizada polos membros vinculados ao Departamento, para o cal os seus docentes e investigadores deberán remitir anualmente a información precisa.

TÍTULO V

DO RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 22: Do orzamento

Coñecidos os recursos anuais dos que dispoña o Departamento, o Director ou a Directora elaborará e presentará para a súa aprobación ao consello de Departamento o orzamento anual, no que se detallarán os ingresos e gastos e a proposta de distribución dos mesmos.

ARTIGO 23: Da memoria anual

Finalizado o exercicio económico anual, a dirección renderá contas ao Consello do Departamento da execución do orzamento coa presentación dunha memoria económica.

TÍTULO VI

DA REFORMA DO REGULAMENTO

ARTIGO 24: Da iniciativa

A iniciativa para a reforma do presente Regulamento deberá ser subscripta cando menos por 6 membros do Consello do Departamento, e deberá ser dirixida á dirección do mesmo mediante un escrito que deberá incluír o obxecto da reforma, o seu fundamento e o texto alternativo articulado que se propón ou, cando menos, as materias respecto das que se exerce a iniciativa e os preceptos cuxa reforma se propugna.

ARTIGO 25: Procedemento de Reforma do Regulamento

1. Unha vez admitida a trámite a proposta de Reforma, a mesma e o texto alternativo serán comunicados a todos os membros do Consello de Departamento para que poida ser examinado e presentadas emendas durante un período mínimo de 15 días hábiles.

2. O proxecto de Reforma e as emendas presentadas polos membros do Consello debateranse nunha sesión extraordinaria do Pleno do Consello de Departamento convocada para tal efecto nun prazo máximo dun mes natural, a contar desde a presentación da iniciativa de Reforma.

ARTIGO 26: Aprobación da Reforma do Regulamento

1. Para a aprobación do proxecto de reforma requírese a maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.

2. O proxecto de Reforma do Regulamento será aprobado polo Pleno do Consello de Departamento, e deberá ser remitido ao Consello de Goberno da USC para a súa ratificación e aprobación definitiva.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

PRIMEIRA.- Corresponderá ao Consello de Departamento o desenvolvemento de cantas disposicións non previstas neste regulamento sexan necesarias para a súa aplicación.

SEGUNDA.- En todo o non disposto no presente Regulamento de Réxime interno aplicarase o estipulado nos Estatutos da USC e na Lexislación Xeral Universitaria vixente.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor no momento da súa publicación no taboleiro electrónico da USC trala aprobación polo Consello de Goberno da USC.